

Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PAZOS DE BORBÉN****Subvencións e axudas***APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2026-2027**ANUNCIO**APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2026-2027.*

Con data 06/08/2026, dictouse resolución de Alcaldía do Concello de Pazos de Borbén na que se aproba a convocatoria das bases de axudas de material escolar para o curso 2026-2027, cuxo articulado é o seguinte:

“Bases reguladoras de axudas de material escolar do concello de Pazos de Borbén para o curso 2026/2027.*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

I. A Constitución Española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos: competencias xenéricas de asistencia social e promoción do desenvolvemento comunitario (Art.27 EAG).

A normativa de réxime local, no artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e no artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, correspondéndolle como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Ademais, a Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: “continuarán exercéndolas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta



Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais”; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: “continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela” (Disps. Adics. 1ª e 4ª Lei 5/2014).

II. En atención particular en materia social, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións Locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Por último, a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Por todo isto, promóvese a concesión de axudas municipais de material escolar, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

BASES

PRIMEIRA.— OBXETO DA SUBVENCIÓN

A presente convocatoria ten por finalidade a concesión de axudas económicas destinadas a adquisición do material escolar necesario para o curso 2026/2027 do alumnado matriculado en educación infantil (segundo ciclo), primaria e secundaria, dos centros docentes do Concello de Pazos de Borbén así como para o alumnado do Concello de Pazos de Borbén que curse bacharelato, FP ou PCPI noutro centro doutra localidade.

Entenderase por material escolar os materiais curriculares, didácticos e complementarios necesarios para realizar as actividades que se desenvolvan ou se promovan no centro docente, como material funxible, material de papelería, de manualidades, material tecnolóxico (calculadoras), excluindo expresamente os libros de texto e libros de lectura.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: KY463N4N8K4GC016



Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

O outorgamento destas subvencións realizaranse en réxime de concorrència competitiva de acordo cos criterios recollidos nestas bases.

SEGUNDA.— PUBLICIDADE E PRAZO

A publicación das presentes bases realizarase a través de bandos, no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web e sede electrónica, mediante a difusión en redes sociais do concello, e coa publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, contando dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3b, 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións-BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015).

As solicitudes deberán presentarse, segundo o modelo facilitado no concello e as mesmas poderán presentarse no Rexistro do Concello ou nalgún dos lugares que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as bases de convocatoria.

TERCEIRA.— COMPATIBILIDADE

Serán compatibles estas axudas con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes públicos ou privados, sempre que o importe global das subvencións outorgadas non sexa superior ao 100%.

As persoas beneficiarias das subvencións deberán comunicar ao concello todas aquelas axudas solicitadas e/ou concedidas, e o importe das mesmas.

CUARTA.— REQUISITOS XERAIS

Para poder optar a estas axudas, as persoas interesadas deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- Ser pai, nai ou titor legal do alumnado matriculado durante o curso escolar 2026/2027 no segundo ciclo de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, FP ou PCPI.
- Que a unidade familiar estea empadroadada no concello de Pazos de Borbén.
- Convivir cos/cas alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas.
- Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia; durante o ano 2025 non exceda do 100% do IPREM. No caso de non existir datos de ingresos da unidade



Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ao subsidio básico da RISGA (En 2025 5.630,40€/anuais).

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
2	1.200€	14.400€
3	1.800€	21.600€
4	2.400€	28.800€
5	3.000€	36.000€
6	3.600€	43.200€
7	4.200€	50.400€
8	4.800€	57.600€
9	5.400€	64.800€
10	6.000€	72.000€

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal (2025), descontando os gastos de vivenda, entre o número de membros computables.

Para estes efectos, considérase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos, os gastos xustificados en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para a compra da vivenda que constitúa o seu domicilio habitual, ata un máximo de 300€/mes.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) terase en conta a base imponible xeral (435) e a base imponible de aforro (460).

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración do IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2026.

Para os efectos desta axuda enténdese por unidade familiar de convivencia a formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.

Tendo en conta a natureza desta axuda e a súa finalidade, ao abeiro do disposto no art. 13.2 da LXS (lei 38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

QUINTA.— OBRIGAS

As persoas solicitantes das subvencións quedan obrigadas a:

- Cumprir coas estipulacións recollidas na Lei xeral de subvencións.
- Responder legalmente da veracidade dos datos expostos e documentación presentada.
- Comunicar todas as axudas percibidas para o financiamento do material escolar.



Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

SEXTA.— SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude as persoas interesadas deberán presentar os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI dos pais, titores ou representantes legais.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia do título de familia monoparental, de ser o caso.
- Fotocopia do título de familia numerosa, se fose o caso.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia: certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%, copia da tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.
- Copia da declaración do IRPF de ambos proxenitores, titores ou representantes legais correspondente ao último ano, neste caso do 2025.
- De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2025 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública ou documentación acreditativa de ingresos do 2025, que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia.
- No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza xudicial e do convenio regulador, onde conste a custodia do causante, e, se é o caso xustificantes bancarios das aportacións por alimentos e/ou compensatorias ou no seu defecto denuncia por incumplimento da sentenza.
- De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento, e se é o caso a contía da remuneración.
- No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos 24 meses anteriores á apertura do prazo de solicitude das presentes axudas. Acreditarase mediante sentenza condenatoria ou orde de protección.
- No suposto de que a vivienda habitual sexa de alugueiro ou teña contraída un préstamo hipotecario, deberán aportar os 2 últimos recibos pagados anteriores á data da solicitude da presente axuda. Non se terán en conta os recibos de alugueiro cando nos mesmos non consten os seguintes datos: identificación da parte arrendadora e arrendataria, enderezo da vivienda, mes e importe. Nos recibos bancarios de amortización de hipoteca da vivienda habitual, deberán constar os datos da persoa titular do préstamo hipotecario, o NIF, o enderezo da vivienda, nº de préstamo e mes ao que fai referencia o recibo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: KY463N4N8K4GC016



Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

- Xustificante da matrícula do alumno no centro escolar do curso actual. No caso de que o/os alumno/os non esté/n matriculado/s no CEIP Curros Enríquez da localidade de Pazos de Borbén, poderán autorizar a consulta por parte do concello.
- Certificado do número de conta bancaria da persoa solicitante da axuda, onde se queira ingresar a axuda.
- Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Servizos Sociais do Concello de Pazos de Borbén para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

SETIMA.— ORZAMENTO

O orzamento previsto para o financiamento destas axudas ascende á contía de 3.000 € que se imputará con cargo á partida 2310.4800 do orzamento do ano 2026.

OITAVA.— TRAMITACIÓN E CORRECCIÓN DE SOLICITUDES

A xestión do procedemento administrativo levarase a cabo polo Departamento de Servizos Sociais do concello ao que irán dirixidas as solicitudes para acollerse á presente subvención.

Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes e revisada a documentación presentada, no caso de non reunir a solicitude os requisitos preceptivos, requirirase á persoa interesada para que presente nun prazo improrrogable de 10 días naturais a documentación preceptiva e de non facelo así, se desestimarás ao abeiro do disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Unha vez valoradas todas as solicitudes polo departamento de Servizos Sociais conforme aos criterios que constan nestas bases, elevarase a proposta da Concellería responsable a Alcaldía.

O prazo máximo para ditar resolución será de tres meses dende a finalización da presentación das solicitudes. Aprobada a proposta, notificaráselle ás persoas interesadas o resultado da convocatoria.

En caso de non obter resposta entenderanse as solicitudes desestimadas por silencio administrativo.

NOVENA.— CRITERIOS DE VALORACIÓN

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos ingresos do ano 2025 dos compoñentes da unidade familiar e de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na base cuarta, a renda per cápita considerada será a correspondente ao primeiro trimestre do ano 2026.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%.



Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

Para estes mesmos efectos, computará por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

Nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar de convivencia.

A concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederáse por maior número de membros da unidade familiar.

Excepcionalmente, e para aqueles casos que así se xustifique, poderase admitir, previo informe favorable do Departamento de Servizos Sociais do Concello, a aqueles solicitantes que superen o baremo económico, non cumpran algunha das condicións esixidas nas presentes bases ou non acheguen algunha da documentación esixida, e así o fagan recomendable para garantir a educación dos/as menores.

O importe das axudas por alumno/a non superarán en ningún caso o 100% do gasto xustificado nin o importe seguinte:

<i>Ciclo educativo</i>	<i>Contía da subvención</i>
Educación Infantil (2ª ciclo)	60 €
Educación Primaria	60 €
Educación Secundaria, Bacharelato, FP ou PCPI.	80 €

DECIMA.— FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO CUMPLIMENTO DO FIN DA SUBVENCIÓN

Os gastos deberán ser xustificados antes do 30 de outubro do 2026, e para o seu libramento deberán presentar os seguintes documentos:

- Facturas orixinais de compra emitidas polos establecementos correspondentes cos datos identificativos dos mesmos así como o da persoa solicitante, igualmente deberase detallar o material adquirido tanto en unidades como características e prezo co desglose do IVE que puidera corresponder.
- Acreditación do gasto realizado, é dicir, que foi efectivamente pagado mediante:
 - Transferencia bancaria.
 - Si a forma de pago é en metálico ou documento xustificativo consistirá nun recibín firmado e selado polo proveedor no que debe especificarse a factura xustificativa do gasto a que corresponde o pago e a súa data, debaixo da sinatura debe aparecer o nome e número do NIF da persoa que asina o recibín.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: KY463N4N8K4GC016



Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

DECIMO PRIMEIRA.— PROCEDIMIENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCIÓN PERCIBIDAS

No caso de que con posterioridade ao pago dunha subvención se descubra que as persoas beneficiarias non se atopaban nas condicións necesarias para acceder a elas, ou non xustificaran as cantidades xa percibidas en concepto de anticipo, estarán obrigadas a devolver as mesmas incrementadas no tipo de xuro do diñeiro, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que dean lugar.

DISPOSICIÓN FINAIS

En todo aquilo non regulado expresamente nestas bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei Xeral de Subvencións e da Lei de Subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro das subvencións (Arts. 37 LXS e 33LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei Xeral de Subvencións e o seu regulamento e desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de Réxime Local, a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Pazos de Borbén, as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En Pazos de Borbén–A alcaldesa en funcións,

Documento asinado electrónicamente. Código de validación ao marxe.”

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: KY463N4N8K4GC016

